

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012036	Gregorio Fernández	Sarria	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CMIMA03	Mantemento electromecánico	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0951	Electricidade e automatismos eléctricos	2022/2023	9	240	288
MP0951_13	Electrotecnia e medidas eléctricas	2022/2023	9	40	48
MP0951_23	Proteccións eléctricas	2022/2023	9	30	36
MP0951_33	Mecanizado e montaxe de cadros eléctricos baseados en tecnoloxía con cables	2022/2023	9	170	204

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ÁNGELES ARIAS FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para mecanizar e montar cadros eléctricos enfocados no ámbito industrial, interpretando e elaborando pequenos circuitos de automatismo eléctrico.

A formación do módulo contribúe a acadar o obxectivo xeral g), h), k), l), m), ñ) e a competencia profesional j) do ciclo formativo:

Reparar, manter e substituír equipamentos e elementos nas instalacións para asegurar ou restablecer as condicións de funcionamento.

Pór en marcha a instalación, realizando as probas de seguridade e de funcionamento das máquinas, os automatismos e os dispositivos de seguridade, tras a montaxe ou o mantemento dunha instalación.

Identificar os compoñentes eléctricos e de regulación e control, interpretando a documentación técnica, para montar sistemas eléctricos.

Ensamblar e conectar os compoñentes eléctricos e de regulación e control, manexando as ferramentas e a instrumentación axeitadas, para montar sistemas eléctricos.

Seleccionar equipamentos e aparellos de medida, tendo en conta a relación entre os parámetros que cumpra medir e os equipamentos e aparellos, para realizar probas e verificacións.

Aplicar técnicas de medida e verificación tendo en conta os parámetros que cumpra medir e valorando os resultados obtidos, para realizar probas e verificacións.

Identificar e localizar a causa da disfunción, en relación cos efectos producidos, para diagnosticar disfuncións.

Analizar o funcionamento das instalacións, identificando os seus bloques e as súas funcións, para diagnosticar disfuncións.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Electricidad, conceptos generales, corriente continua		8	10
2	Circuitos de corriente alterna		20	10
3	Sistemas trifásicos		20	10
4	Elementos de protección		36	20
5	Mecanizado de cadros eléctricos		24	10
6	Automatismos eléctricos		180	40

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Electricidad, conceptos generales, corriente continua	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Mide parámetros de magnitudes eléctricas en circuitos eléctricos de corrente continua, comparándoos cos cálculos efectuados.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características de condutores, illantes e semicondutores, diferenciando o seu comportamento.
CA1.2 Identifícanse as principais magnitudes eléctricas (tensión, intensidade, resistencia e potencia) e utilízanse correctamente as súas unidades.
CA1.3 Resólvense problemas sobre a lei de Ohm e comprobase de xeito práctico os seus resultados.
CA1.4 Realízanse cálculos de potencia e enerxía.
CA1.5 Comprobanse de maneira práctica os resultados a partir dos cálculos.
CA1.6 Realízanse e interpretáronse esquemas de circuitos eléctricos, utilizando simboloxía normalizada.
CA1.7 Realízanse cálculos de agrupacións serie, paralelo e mixtas de resistencias.
CA1.8 Recoñécense as propiedades e as funcións dos condensadores.
CA1.9 Realízanse cálculos de agrupacións de condensadores.
CA1.10 Identifícanse as características e as formas de conexión de aparellos de medida de tensión, intensidade, resistencia e potencia.
CA1.11 Realízanse medidas de tensión, intensidade, resistencia e potencia, consonte as normas de seguridade dos equipamentos e das persoas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Illantes, condutores e semicondutores.
Normas de seguridade eléctrica aplicadas ao manexo dos equipamentos de medida.
Circuíto eléctrico. Resistencia eléctrica: características.
Lei de Ohm en corrente continua.
Asociación de resistencias serie-paralelo. Montaxes mixtas: cálculos.
Potencia e enerxía: cálculos.
Medidas de tensión, intensidade, resistencia e potencia en corrente continua.
Aparellos e técnicas de medida.



Contidos

Condensadores.

Simbología aplicada aos circuitos de corrente continua.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Circuitos de corrente alterna	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Mide parámetros de magnitudes eléctricas en circuitos eléctricos de corrente alterna monofásica, comparándoas cos cálculos efectuados, e describe os aspectos diferenciais coa corrente continua.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as características dun sinal sinusoidal.
CA2.2 Recoñécense os valores característicos da corrente alterna.
CA2.3 Verifícanse as relacións entre tensión, intensidade e potencia en circuitos serie RLC.
CA2.4 Calculouse o factor de potencia de circuitos de corrente alterna.
CA2.5 Relacionouse o factor de potencia co consumo de enerxía eléctrica.
CA2.6 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, potencia e factor de potencia.
CA2.7 Identificouse como corrixir o factor de potencia dunha instalación.
CA2.8 Realizáronse cálculos de caídas de tensión en liñas monofásicas de corrente alterna.

4.2.e) Contidos

Contidos
Corrente alterna monofásica.
Caída de tensión en liñas monofásicas de corrente alterna. Definición e realización de cálculos.
Valores característicos da corrente alterna.
Comportamento dos receptores elementais (resistencia, bobina pura e condensador) en corrente alterna monofásica.
Circuitos RLC serie en corrente alterna monofásica. Relación de fase entre tensións e correntes.
Potencia activa, reactiva e aparente, e factor de potencia en corrente alterna monofásica.
Cálculo do factor de potencia.
Medidas de tensión, intensidade, potencia, frecuencia e factor de potencia en circuitos de corrente alterna monofásicos.
Aparellos e técnicas de medida.
Corrección do factor de potencia.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Sistemas trifásicos	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mide parámetros de magnitudes eléctricas nun sistema trifásico, comparándoas cos cálculos efectuados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os sistemas de xeración e distribución a tres ou catro fíos.
CA3.2 Identifícanse as formas de conexión dos receptores trifásicos.
CA3.3 Recoñeceuse a diferenza entre receptores equilibrados e desequilibrados.
CA3.4 Realizáronse medidas de tensión, intensidade, potencia e enerxía, segundo o tipo de sistema trifásico e o tipo de carga.
CA3.5 Realizáronse cálculos de mellora do factor de potencia en instalacións trifásicas.
CA3.6 Realizáronse cálculos de caídas de tensión en liñas trifásicas de corrente alterna.

4.3.e) Contidos

Contidos
Circuíto eléctrico trifásico.
Conexión de xeradores e de receptores trifásicos.
Receptores equilibrados e desequilibrados.
Potencia activa, reactiva, aparente e factor de potencia en sistemas trifásicos.
Medidas de tensións, intensidades, potencias, frecuencia, factor de potencia e enerxías en sistemas trifásicos.
Aparellos e técnicas de medida.
Corrección do factor de potencia.
Caída de tensión en liñas trifásicas de corrente alterna. Realización de cálculos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elementos de protección	36

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os dispositivos de protección que cumpra empregar, en relación cos riscos e os efectos da electricidade.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Manexouse o regulamento electrotécnico de baixa tensión, e a normativa de aplicación en materia de prevención de riscos laborais.
CA1.2 Recoñecéronse os inconvenientes do efecto térmico da electricidade.
CA1.3 Identificáronse os riscos de choque eléctrico nas persoas e os seus efectos fisiolóxicos, así como os factores relacionados.
CA1.4 Identificáronse os riscos de incendio por quecemento.
CA1.5 Recoñecéronse os tipos de accidentes eléctricos.
CA1.6 Recoñecéronse os riscos derivados do uso de instalacións eléctricas.
CA1.7 Interpretáronse as regras para a realización de traballos sen tensión.
CA1.8 Calculouse a sección dos condutores dunha instalación, considerando as prescricións regulamentarias.
CA1.9 Identificáronse as proteccións necesarias dunha instalación contra sobreintensidades e sobretensións.
CA1.10 Identificáronse os sistemas de protección contra contactos directos e indirectos.
CA1.11 Respectáronse os criterios de calidade.

4.4.e) Contidos

Contidos
Seguridade en instalacións electrotécnicas.
Normativa sobre seguridade eléctrica.
Efectos da electricidade nas persoas e nas instalacións.
Regras para a realización de traballos sen tensión.
Cálculo da sección dos condutores dunha instalación, tendo en conta o quecemento.
Cálculo da sección dos condutores dunha instalación, tendo en conta a caída de tensión.
Risco eléctrico: accidentes.
Proteccións en instalacións electrotécnicas e máquinas contra sobreintensidades e sobretensións.
Proteccións en instalacións electrotécnicas e máquinas contra contactos directos e indirectos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Mecanizado de cadros eléctricos	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Executa operacións de mecanizado de cadros, aplicando técnicas de medición e marcaxe, e utilizando máquinas e ferramentas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a simboloxía e as especificacións técnicas nos planos.
CA1.2 Identifícanse materiais (perfis, envolventes e cadros).
CA1.3 Defínense as fases e as operacións do proceso.
CA1.4 Realízase un plan de mecanizado e montaxe.
CA1.5 Relaciónanse ferramentas, medios técnicos e de seguridade segundo o requisito de cada intervención.
CA1.6 Selecciónanse os equipamentos, as ferramentas, e os medios técnicos e de seguridade.
CA1.7 Realízanse medicións coa precisión esixida.
CA1.8 Execútanse operacións de distribución, trazado e marcaxe.
CA1.9 Operouse coas ferramentas e equipamentos de traballo característicos.
CA1.10 Execútanse as operacións de mecanizado en perfis, envolventes, cadros e canalizacións.
CA1.11 Resólvense as continxencias xurdidas.
CA1.12 Tivéronse en conta os tempos previstos para o proceso.

4.5.e) Contidos

Contidos
Organización do proceso de mecanización de cadros eléctricos.
Mecanización de cadros e instalacións.
Simboloxía normalizada de representación de pezas aplicadas á mecanización de cadros e canalizacións.
Materiais característicos para mecanización de cadros e canalizacións.
Operacións de mecanización de cadros eléctricos. Ferramentas e técnicas de utilización.
Montaxe de armarios, cadros eléctricos e canalizacións. Interpretación de esquemas, distribución e fixación de elementos.
Normativa e regulamentación.



Contidos
Temporalización.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Automatismos eléctricos	180

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Monta cadros e sistemas eléctricos asociados, interpretando documentación técnica, e verifica o seu funcionamento.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Obtívose información de esbozos e esquemas de mando e manobra de cadros e sistemas eléctricos.
CA2.2 Utilizáronse programas informáticos de CAD electrotécnico para representar esquemas de mando e manobra.
CA2.3 Aplicouse a normativa electrotécnica e convencións de automatismos.
CA2.4 Relacionouse cada elemento coa súa función de conxunto.
CA2.5 Identificouse a estrutura dun sistema automático industrial.
CA2.6 Definíronse os niveis de automatización industrial.
CA2.7 Identifícaronse as tecnoloxías de automatización (con cables e programable) a nivel industrial.
CA2.8 Montáronse circuitos de mando e potencia para motores.
CA2.9 Realizáronse manobras de arranque, variación de velocidade e freada con motores.
CA2.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas.
CA2.11 Comprobouse o funcionamento da instalación.
CA2.12 Realizáronse medidas e verificacións para a localización de avarías.
CA2.13 Operouse con autonomía e destreza na manipulación de elementos, equipamentos e ferramentas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Interpretación da documentación técnica.
Control de potencia: arranque, variación de velocidade e freada de motores.
Montaxe de proteccións contra cortocircuitos e sobrecargas.
Montaxe das instalacións de automatismos. Circuitos de forza. Circuitos de mando.
Tipos de mantementos empregados en instalacións de automatismos industriais.
Verificacións eléctricas. Técnicas e equipamentos empregados segundo REBT.

Contidos

Diagnóstico, localización e reparación de avarías. Equipamentos e técnicas empregadas.

Simbología normalizada e convencionalismos de representación nas instalacións de automatismos.

Interpretación e características de esquemas eléctricos das instalacións de automatismos.

Uso de programas CAD electrotécnicos para a representación de esquemas de mando e manobra.

Estrutura dun sistema automático industrial.

Niveis de automatización industrial.

Tipos de tecnoloxías empregadas en automatización industrial.

Automatización baseada en tecnoloxía con cables.

Equipamento de cadros para automatización con cables: contactores, premedores, sensores, actuadores, etc.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Nos documentos do currículo aparecen os criterios de avaliación que indican o que o alumno debe demostrar en canto a realización individuais materializadas.

A partir deses criterios de avaliación e tendo en conta tódolos elementos curriculares establécense os mínimos exigibles que marcan a fronteira entre o aprobado e o suspenso.

O mínimo exigible para obter unha valoración positiva en cada avaliación, é que se realizaron todas as actividades propostas polo profesor durante o curso, en tempo e forma, e que a nota obtida cós diferentes instrumentos de avaliación sexa como mínimo de 5 puntos.

A cualificación, será numérica, entre un e dez, sen decimais. En todos os casos nas actas de avaliación parcial ou na final, a puntuación redondearase por exceso ou defecto.

Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. Os alumnos que non acaden unha nota de cinco puntos na cualificación, estarán obrigados a ir á recuperación, se se realiza.

A nota máxima nas probas de recuperación será de cinco puntos.

Os criterios de cualificación que se empregarán para avaliar ao alumno e o peso que ten cada un é:

-Probas escritas e prácticas de aula..... 90% (A parte práctica valorarase como Apto ou non Apto. será necesario a cualificación de Apto para aprobar a avaliación).

-Actitude do alumno10%

Para aprobar é necesario ter realizadas todas as prácticas que se piden por trimestre.

As faltas de asistencia e de orde poden penalizarse restando á nota final de este último apartado 0,1 puntos cada unha delas, si o profesor o estima oportuno para o desenvolvemento normal da actividade docente. Dúas faltas de puntualidade equivalen a una falta de asistencia.

Enténdese tamén que si o alumno non asiste á clase tampouco traballa ese día nin participa nela, polo que se penalizará tamen restando 0,2 puntos á nota final de este apartado.

Para a determinación da perda do dereito á avaliación continua, a profesora valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación das faltas.

No caso en que o alumno unha vez que se realice o baremo teña aprobado pero a nota nas probas escritas e prácticas de aula sexa inferior a 5 estará obrigado a asistir á recuperación, si se fixese dita recuperación.

A cualificación final será a resultante de aplicar o baremo anterior a cada nota parcial do alumno. É necesaria unha nota mínima de 4 puntos sobre 10, en cada parte, para que compute.

A cualificación final do módulo superado en avaliacións parciais, coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

A cualificación obtida na proba extraordinaria polo alumnado con perda do dereito á avaliación continua consignarase na avaliación final do módulo se iste é superado.

A cualificación final máxima dos alumnos que se presenten a calquera recuperación, será de 5 puntos independentemente que a nota real obtida na proba sexa maior.

A cualificación final máxima dos alumnos que teñan que presentarse á proba final para recuperar o módulo, será de 5 puntos independentemente que a nota real obtida na proba sexa maior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación consisten en actividades adicionais para os alumnos que non superen algunha das sesións de avaliación que se programan ao longo do curso. Tratarase de actividades proporcionadas polo profesor e que o alumno está obrigado a realizar e presentar ao profesor en tempo e forma oportunos. Devanditas actividades non terán peso específico na nota de cualificación xa que se trata de que o alumno

asente os seus coñecementos e isto demostrarao na avaliación seguinte.

Os alumnos de primeiro curso que non superen o módulo en avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira), terán que presentarse á proba final.

As actividades de recuperación que se propoñen serán do tipo:

-Traballos escritos e exercicios prácticos ou teóricos relacionados cos resultados non acadados.

-Repetición ou corrección traballos, prácticas e memorias .

Os alumnos con este módulo pendente terán a oportunidade de realizar as mesmas actividades para asentar os seu coñecemento ao longo do curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

As probas extraordinarias celebraranse no mes de marzo e xuño. As devanditas probas son excluíntes, é dicir, o alumno deberá elixir unha ou outra, non as dúas.

Os criterios de avaliación e os mínimos esixibles serán os mesmos con que se valora a tódolos alumnos.

O procedemento de avaliación é unha proba extraordinaria e no caso que o alumno non a supere, optará por presentarse á proba final.

Ambas as probas (extraordinaria e final), terán unha duración de 2 horas (inda que o profesor poderá, aumentar o tempo da proba, según as circunstancias do curso) e será de similar dificultade e características que as que se programaron ó longo do curso.

ALUMNOS CO MODULO PENDENTE:

Os alumnos repetidores dun módulo de primeiro curso e que non asisten á clase porque están matriculados en segundo curso, serán considerados como os alumnos con perda de dereito de avaliación continua e polo tanto, terán que presentarse ás probas extraordinarias de marzo ou xuño (excluíntes) e á proba final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comprende a avaliación da propia programación que é susceptible de adaptacións sempre que as circunstancias o requiran e da actuación do profesor. Implica por parte do profesor un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación e o seu sistema de ensinanza, co fin de introducir medidas de mellora no proceso.

Cando finalice cada unidade didáctica o profesor recollerá nun arquivo persoal as modificacións ou observacións da adecuación entre o planificado e o realmente levado a cabo (tipo de actividade ensinoaprendizaxe, tempo).

Trimestralmente analizarase o desenvolvemento da programación en relación aos resultados obtidos por los alumnos.

Ao finalizar o mes de xuño farase un resumo persoal do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase mediante informes finais de avaliación de cursos anteriores, resultados de avaliacións anteriores, debates, formulación de preguntas

orais.

No caso de atopar alumnos con Necesidades Educativas Específicas, ben motóricas ou psíquicas, solicitarase información achega do mesmo no Departamento de Orientación e coa colaboración do mesmo, faráselle unha Adaptación Curricular que permita acadar ao alumno os obxectivos marcados en devandita Adaptación Curricular e que estean acordes cos obxectivos do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para aqueles alumnos nos que se detecten problemas de aprendizaxe e/ou adaptación ao método xeral de ensino/aprendizaxe prevista, prevese realizar actividades especiais adaptadas ás súas características particulares, como as seguintes:

Actividades de distinto grao de dificultade

Actividades de reforzo.

Traballos persoais.

Actividades propostas en colaboración con outros departamentos didácticos e de orientación.

Actividades de ampliación para alumnos que alcancen os obxectivos marcados na unidade de traballo e desexen profundizar no tema.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Desde o módulo tócanse distintos aspectos destes temas, que se indican de xeito xenérico.

Educación ambiental: mediante o estudo crítico e a análise reflexiva efectuado polos alumnos ao longo dos diferentes bloques de contidos durante o curso pode contribuír a crear unha conciencia cidadá na que prevaleza a necesidade de preservar os medios naturais e ambientais, racionalizar o consumo enerxético e dos recursos naturais, afirmando que progreso non implica destrución do medio ambiente.

Educación para a igualdade de oportunidades: concienciarase ao alumnado sobre a igualdade de oportunidades de ambos os sexos, rompendo o tópico da discriminación ou adxudicación de tarefas no traballo por razóns de sexo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As organizadas polo departamento, ou as que con carácter xeral programe o centro.

Poderanse realizar visitas a diferentes empresas afíns ó perfil do ciclo,

Tamén visitas a feiras, exposicións relacionadas co sector.

10. Outros apartados

10.1) Exposición da programación

Para garantir o dereito do alumnado a coñecer a programación e fundamentalmente os criterios de avaliación e mínimos esixibles, así como o nivel mínimo que se considera necesario para ter superado este módulo, as programacións do departamento, incluído este módulo, subiranse á páxina web do IES, onde poderán ser consultadas en calquera momento, así mesmo ao comezo do curso o profesor informará da posibilidade de consultala, sempre que queiran, accedendo á páxina web ou a través do departamento. Nesa mesma clase de presentación comentaráselles os aspectos fundamentais do desenvolvemento do módulo ó longo do curso e aclararanse as dúbidas que prantexe o alumnado ó respecto. Ademais ó longo do curso, ó comezo de cada unidade didáctica indícaráselles os alumnos os Resultados de Aprendizaxe que se perseguen e os

criterios de avaliación que se aplicarán para acreditar que se acadan os obxectivos didácticos e o nivel mínimo esixido en cada caso, así como os instrumentos de avaliación que se utilizarán.